



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE LAPA, NA MODALIDADE A PÉ, DA CONFRARÍA DA GUARDA

ANTECEDENTES

1. A Orde do 21 de decembro de 2020, pola que se aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023, aproba o plan específico de xestión de lapa na modalidade a pé da Confraría da Guarda, no que figura un número máximo de seis (6) participantes durante o seu desenvolvemento.
2. Na ficha de aprobación do plan de xestión sinálase que: "Este plan é complementario do plan de xestión de percebe, na súa modalidade a pé. A confraría establece en 6 o número máximo de permisos de explotación..." "Poderá convocarse un proceso selectivo no segundo semestre do ano para cubrir as prazas vacantes."
3. O 29 de maio de 2023 a Confraría da Guarda solicita o inicio do proceso selectivo para a cobertura de catro (4) prazas vacantes de lapa, na modalidade a pé.
4. O número de participantes actual no plan de lapa é de dúas (2) persoas. Os integrantes son percebeira/os incluídas/os no plan específico de explotación de percebe na modalidade a pé da Confraría da Guarda. O plan actualmente non ten actividade debido á falta de demanda do recurso. Para que a confraría poida atender a posibles compradores é imprescindible un número mínimo de persoas traballando, de modo que realicen unha extracción suficiente para ser comercializada.
5. Ao ser un plan complementario do de percebe a pé da confraría a cobertura de vacantes farase mediante incorporación de persoas que xa son profesionais do mar e que buscan neste plan un incremento dos seus ingresos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, indica no artigo 4.2 que en función do estado dos recursos e da situación social do sector, poderá autorizarse a explotación a pé de recursos específicos como complementaria para persoas xa habilitadas para o exercicio do marisqueo a pé ou viceversa. Neste caso poderán exercer a actividade aquelas persoas que estean en posesión dun permiso de explotación para marisqueo a pé e participen nun plan de xestión para os recursos correspondentes.
2. A ficha de aprobación do plan indica que o proceso selectivo realizarase de acordo co disposto na Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos.



3. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación, de acordo co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

4. Esta Xefatura Territorial é competente para resolver, en virtude do disposto no artigo 20 do Decreto 153/2019, así como no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, **RESOLVE:**

Convocar o proceso selectivo para a cobertura **de catro (4) prazas** de lapa na modalidade de a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da Confraría de pescadores da Guarda. As bases desta convocatoria están recollidas no **ANEXO A**.

De conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta Resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ó da notificación.

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos

Por delegación de firma (Resolución do 29/12/2021)
A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica
Carmen de Benito Caula





ANEXO A

BASES DA CONVOCATORIA

I. NORMAS XERAIS

O obxecto do proceso selectivo será a cobertura **de catro (4)** prazas de **lapa na modalidade de a pé na confraría da Guarda**.

Este proceso vai **dirixido a aquelas persoas con permiso de percebe a pé vixente e que participen no plan específico de explotación de percebe na modalidade a pé da Confraría da Guarda aprobado para o trienio 2022-2023**.

I.1. REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

De acordo co disposto no artigo 17 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo, así como no disposto no artigo 9, da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para obter o permiso de explotación para recursos específicos a pé, a persoa solicitante deberá cumprir, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento de expedición do permiso de explotación, os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado nun municipio do litoral de Galicia.
- b) Estar en posesión da certificación profesional correspondente.
- c) Ser maior de 18 anos, ou menor emancipado, e non superar a idade exixida para ter dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, conforme ao previsto na normativa da seguridade social.
- d) Non estar incapacitada/o para exercer os labores de marisqueo.
- e) Non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares, nin perceptor da renda de integración social de Galicia.

I.2. SOLICITUDES, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As persoas que desexen presentarse ao proceso selectivo, deberán facelo constar mediante unha instancia que se axustará ao **modelo normalizado PE401B** dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.





As solicitudes **dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo e presentaranse por vía electrónica**, directamente ou, a través das entidades asociativas do sector, **no prazo de quince (15) días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique esta convocatoria no taboleiro de anuncios das Xefaturas Territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores da Guarda e das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía e Pontevedra.

Xunto coa instancia presentárase a seguinte **documentación**:

1) Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes

A presentación do xustificante do ingreso das taxas sen o selo da entidade bancaria con indicación da data determinará a **exclusión** do aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude.

Poderase descargar o modelo de autoliquidación de taxas dende a páxina web da ATRIGA CIDADÁNS (atriga.gal), cubrindo o modelo cos seguintes códigos e importe:

Consellería: 12-MAR

Delegación: 41-VIGO

Servizo: 06-RECURSOS MARINOS

Taxa: 301701-EXPEDICIÓN OU DUPLICADO DE PERMISOS DE EXPLOTACIÓN

Importe: 10,06 euros

2) Copia do Documento Nacional de Identidade

Esta copia só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos, dacordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, e a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o antedito decreto.

3) Copia da documentación, que acredita cada un dos criterios a ter en conta, segundo o baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños para a valoración das solicitudes presentadas:

3.1) Formación:

- Copia dos diplomas, acreditacións ou certificados de asistencia a **cursos relacionados coas materias indicadas no baremo**. Só se valorarán aqueles cursos que estean **finalizados na data de publicación da convocatoria** e que figuren **inscritos no catálogo de actividades formativas**, de conformidade co establecido no **ANEXO C (última actualización maio de 2023)**.
- Documentación que acredite a **titulación académica**.

3.2) Experiencia profesional:

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal





- Copia dos **permisos de explotación para marisqueo a pé para recursos específicos e/ou para marisqueo a pé**, nos dous últimos anos anteriores á data de publicación da convocatoria. **Esta copia non será necesaria no caso de asinar a autorización da consulta das certificacións profesionais.**

3.3) Documento **actual** de empadramento*, no que conste a **antigüidade**, nun concello do ámbito territorial da Confraría de A Guarda (O Rosal, A Guarda, Oia).

** Este documento presentarase no caso de non acreditar o consentimento expreso para comprobar os datos mediante consulta ao sistema de verificación de datos de residencia, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, a Xefatura Territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á publicación da Resolución provisional.*

I.3. EMENDA DA SOLICITUDE

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos, requiriráselle ás persoas interesadas, para que a emenden nun prazo de dez (10) días hábiles, con indicación de que, se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha Resolución expresa.

Por se tratar dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, a notificación realizarase mediante publicación na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía e Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da Confraría da Guarda.

II. BAREMACIÓN E LISTA PROVISIONAL

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos serán admitidas ao proceso selectivo e serán baremadas consonte á Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que figura como **ANEXO B** da presente convocatoria.

A cualificación do proceso selectivo determinarase pola suma das puntuacións obtidas nos distintos conceptos baremables. Ao ser un plan complementario do percebe a pé e estar **dirixido a aquelas persoas con permiso de percebe a pé vixente, non se valorará o apartado 1 do baremo (situación de demandante de emprego). Da mesma maneira, tampoco será tido en conta o apartado 3.C do baremo (experiencia profesional) por non existir a modalidade de enrole de que se trata.**

Tras baremar as solicitudes, a Xefatura Territorial publicará unha Resolución coas relacións provisionais de admitidos e excluídos, con indicación da puntuación acadada por cada unha das persoas admitidas. Na relación de excluídos recolleranse as causas de exclusión.





Esta Resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial da Consellería do Mar. Tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía e Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da Confraria da Guarda.

Concederáselles ás persoas interesadas un prazo de **quince (15) días hábiles**, a efectos de **presentación das alegacións** que se consideren oportunas, as cales, **non se contestarán expresamente** de xeito individualizado, pero poderán terse en conta para a puntuación definitiva.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos esixidos, os interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

III. LISTAXE DE SELECCIONADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Rematado o proceso selectivo, a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo emitirá unha Resolución, que será publicada nos mesmos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no apartado I.4, coa relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo por orde de puntuacións acadadas, así como daquelas que non o superaron.

O empate nas puntuacións dos aspirantes resolverase consonte ao disposto na Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (ANEXO B).

Aquelas persoas que non superaron o proceso selectivo, integrantes da lista de non seleccionados, constituirá a lista de reserva. **A lista de reserva terá unha vixencia dun (1) ano**, que se contará dende o día seguinte á data da Resolución definitiva da Xefatura Territorial.

A partir do día seguinte ao da publicación da relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, os aspirantes disporán dun prazo de quince (15) días hábiles para a **presentación dos seguintes documentos**:

- a) Certificado de estar empadroada/o* nun municipio do litoral de Galicia.
- b) Certificado da Seguridade Social* de non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.

** Non se precisará presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada, mediante consulta ao sistema de verificación de datos, dacordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.*

- c) Documentación que acredite non estar incapacitada/o para exercer os labores de marisqueo.

Se algunha das persoas interesadas non presentasen a documentación dentro do prazo fixado, ou se, do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na Base I.1, entenderase que desisten da solicitude. Neste suposto, emitirase





unha nova Resolución, consonte cos prazos e coa forma contemplados nos parágrafos anteriores, declarando seleccionadas as seguintes persoas da lista de non seleccionados.

IV. OUTORGAMENTO DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido, para o outorgamento do permiso de explotación deberán cumprir, ademais, co requisito de non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños pendentes de pagamento.

A Xefatura Territorial ditará Resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación para o marisqueo a pé de ourizo, conforme ao establecido no artigo 6 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 2013, e que será complementario ao do percebe.

